CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecementos regrados

Maio 2017

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de maio de 2017**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2016 e anteriores.

MAIO 2017

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Maio 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	297.272	7,6%	539.685	10,1%	1,82	2,3%	39,57%	4,10
PENSIÓNS	98.690	-10,2%	139.051	-8,7%	1,41	1,7%	23,02%	-2,10
ESTAB. HOTELEIROS	**395.964**	**2,5%**	**678.736**	**5,7%**	**1,71**	**3,1%**	**34,48%**	**2,17**
APTOS. TURÍSTICOS	10.920	19,4%	25.616	11,4%	2,35	-6,7%	19,90%	2,86
CÁMPINGS	6.141	33,9%	13.775	11,5%	2,24	-16,7%	12,21%	-1,23
TURISMO RURAL	18.192	-3,5%	28.261	2,5%	1,55	6,2%	14,06%	0,77
ESTAB. EXTRAHOTEL.	**35.253**	**8,2%**	**67.652**	**7,5%**	**1,92**	**-0,6%**	**-**	**-**
TOTAL	**431.217**	**3,0%**	**746.388**	**5,8%**	**1,73**	**2,8%**	**-**	**-**

- No pasado mes de maio Galicia rexistra un incremento do volume de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados da comunidade, do 3,0%, ata situarse en pouco máis de 431 mil. Sobe tamén o volume de pernoctacións nunha porcentaxe algo superior, do 5,8%, acadando neste caso preto de 750 mil no conxunto de Galicia.
- É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda turística en Galicia no mes de maio. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 os niveis de demanda comezan en 2013 unha senda positiva superando nun 4,5% as cifras do ano anterior e que terá continuidade en 2014 –cunha suba do 9,7%-, en 2015 –do 5,2%- en 2016 –do 2,6%- e agora en 2017 –do 5,8%-. Esta tendencia positiva eleva o volume global de noites a pouco máis de 746 mil noites, a cifra máis elevada dos últimos sete anos –e moi próxima aos niveis acadados en 2010 cando se superaban levemente as 750 mil noites-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante ao comentado anteriormente. O incremento de maio deste ano engádese ao rexistrado nos catro anos anteriores, con taxas do 10% en maio de 2013, do 14% en 2014, do 9% en 2015 e do 4% en 2016. O resultado desta dinámica eleva a cifra final de viaxeiros de maio deste ano a pouco máis de 431 mil, dato que supón un máximo histórico na nosa comunidade.
- É o terceiro mes neste ano 2017 no que se observa un comportamento positivo da demanda en relación ao pasado ano. Logo do incremento rexistrado en xaneiro, do 2,2%, a demanda turística

cae en febreiro e marzo para voltar á senda de crecemento en abril e maio. O resultado global destes cinco meses é un incremento global da demanda turística a nivel da comunidade autónoma, do 7,7%, situando o volume de pernoctacións en case 2,6 millóns –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Maio 2005-17



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na xeración de pouco máis de 12 mil novos viaxeiros aloxados e de 41 mil noites en relación ao mes de maio de 2016.
- A nivel estatal obsérvase igualmente unha mellora da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,6%- así como do volume de noites –que sobe neste caso un 4,1%-.
- Obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo da demanda a nivel das comunidades autónomas neste quinto mes do ano, con crecementos xeneralizados a excepción de Murcia –que amosa unha caída do 2,8% en relación ao pasado ano-.
- Son os destinos do norte peninsular os que presentan os incrementos máis intensos e destacados. Lidera o ranking Asturias que consegue superar nun 11,6% o volume de pernoctacións de maio de 2016. Seguen en orde de importancia Cantabria –cunha suba do 10,2%- Navarra –do 8,7%- e o País Vasco –do 7,9% neste caso-. No lado contrario son Aragón e A Rioxa os destinos que presentan os crecementos máis modestos, do contorno do 1% interanual.
- Do lado dos viaxeiros aloxados a dinámica é semellante observándose crecementos xeneralizados agás no caso de A Rioxa. Cantabria e Asturias lideran o ranking de variacións interanuais con taxas por encima do 9% interanual.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste quinto mes do ano a oitava posición representando o 1,8% do total de España. Baleares é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 8,8 millóns de pernoctacións no mes de maio –o 21,6% do total-. Sitúanse a continuación Canarias –con pouco máis de 7,5 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con algo máis de 6,9 millóns- e Andalucía –con 6,1 millóns neste caso-. Nun segundo grupo localízanse a C. Valenciana –con 3,8 millóns- e Madrid –con 2,4 millóns neste caso-. Só

estas seis comunidades agrupan ao 88% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En maio o 90,9% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 72,3%- como ás pensións –co 18,6% neste caso-. O 9,1% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,4% da demanda total- aos cámpings –co 1,8%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,8% neste caso-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Maio 2017



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Case tres de cada catro pernoctacións prodúcense xustamente nesta tipoloxía –coma no primeiro cuadrimestre-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo, con crecementos de diversa intensidade agás no caso das pensións –que rexistran un descenso da demanda do 8,7% provocado por unha caída do volume de viaxeiros aloxados, do 10,2% neste caso-. Nos hoteis a demanda sobe en cambio un 10,1% grazas ao bo comportamento da cifra de viaxeiros aloxados –que soben un 7,6%- nun contexto de leve mellora da estadía media.
- En conxunto, no ámbito hoteleiro obsérvase unha mellora global do 5,7%.
- No ámbito extrahoteleiro os incrementos son xeneralizados situándose levemente por encima do 11% interanual nos apartamentos turísticos e nos cámpings –grazas ao bo comportamento da cifra de viaxeiros aloxados-, e no 2,5% nos establecementos de turismo rural –consecuencia neste caso dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 3,5% en relación ao pasado ano-.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Maio 2017/16, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de algo máis de 36 mil noites no segmento hoteleiro e de 4.700 noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de maio do pasado ano. O comportamento positivo é, por tanto, homoxéneo aínda que se concentra en grande medida no ámbito hoteleiro –ao que corresponden o 88,5% das novas pernoctacións deste mes de maio-.
- Este contexto positivo non se observa, en cambio, dentro do ámbito hoteleiro onde os niveis de demanda varían de forma dispar en función da categoría. Dun lado soben e melloran nos hoteis de dúas ou máis estrelas destacando o incremento do 10% nos de máxima categoría –catro e cinco estrelas-. Do lado contrario obsérvase un estancamento da demanda nos hoteis dunha estrela e unha caída nas pensións –suave nas de tres e dúas estrelas, do 2%, e moi intensa nas de unha estrela onde o volume de noites descende un 14% en relación ao pasado ano-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Maio 2017



- Neste mes de maio o 64% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 36% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e difiren levemente da estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 58% mentres que o internacional representa o 42%-. Esta distribución difire da observada no primeiro trimestre do ano cando o turismo estranxeiro representaba preto do 18% e amosa, por tanto, o perfil propio da temporada media na que este segmento gaña peso relativo na estrutura da demanda total.

- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo neste mes de maio, con incremento de intensidade variable. O turismo nacional sobe un 5,2% como consecuencia esencialmente dunha mellora da cifra de viaxeiros aloxados, do 2,6% neste caso auspiciada por un leve incremento da estadía media. Este crecemento contraponse á caída rexistrada no pasado ano e sitúa os niveis en preto de 475 mil noites, a cifra máis elevada dos últimos seis anos. En termos de viaxeiros aloxados o nivel achégase aos 250 mil, o dato máis alto desde o 2010.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Maio 2017/16



- O turismo internacional presenta igualmente resultados positivos incrementando nun 3,5% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 7,0% o nivel de pernoctacións de maio de 2016. Neste caso son seis anos consecutivos de incremento do turismo internacional en Galicia neste quinto mes do ano –do 4% en 2012, do 11% en 2013, do 25% en 2014, do 7% en 2015, do 11% en 2016 e do 7% agora en 2017-, circunstancia que coloca os niveis deste ano en algo máis de 180 mil viaxeiros e en 272 mil noites –datos que supoñen máximos históricos deste segmento no quinto mes do ano-.

- En termos relativos o turismo internacional representa neste mes de maio o 42% do total de viaxeiros aloxados e o 36% das pernoctacións, cifras importantes que superan ás rexistradas en meses anteriores e confirman unha das características propias da temporada media. Supoñen tamén máximos históricos na nosa comunidade, confirmando a tendencia de internacionalización do turismo en Galicia nestes últimos anos.

- O comportamento dos dous segmentos de mercado reprodúcese, con diversa intensidade, nas dúas grandes tipoloxías de aloxamento. Así a demanda nacional sobe tanto no segmento hoteleiro –un 5,7% grazas ao comportamento do segmento receptor- coma no extrahoteleiro –un 0,4% neste caso-. O turismo internacional mellora tamén en ambas tipoloxías –un 5,7% no segmento hoteleiro e un 20,5% no extrahoteleiro-. Esta última porcentaxe non é moi representativa pois atinxe a un volume moi baixo de pernoctacións internacionais nos tres establecementos considerados: apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural. En concreto, preto de 27 mil neste mes.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,73 noites, cifra que supera nun 2,8% o dato do pasado ano. Este incremento contrasta coas caídas rexistradas nos últimos cinco anos, de forma variable, o que permite romper a tendencia negativa e situar o nivel en pouco máis de 1,7 noites no mes de maio. A pesar diso a cifra dista moito dos valores que tradicionalmente se rexistraban neste quinto mes do ano, con valores próximos a 2,1 noites en 2008 e 2009 por exemplo.
- Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que presentan as estadías máis elevadas, con 2,3 e 2,2 noites de media respectivamente neste mes de maio. As restantes tres tipoloxías rexistran un valor inferior ás dúas noites de media sendo de 1,8 nos hoteis, de 1,5 noites nos establecementos de turismo rural e de 1,4 nas pensións –a cifra máis baixas das rexistradas ata o momento-.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Maio 2017



- A estadía media sobe e mellora en tres tipoloxías concretas, de forma suave nos hoteis e nas pensións –entorno ao 2% interanual- e algo máis destacado nos establecementos de turismo rural –un 6% neste caso-. Nas dúas modalidades restantes rexístrase, en cambio, un descenso da estadía media –do 7% nos apartamentos turísticos e do 17% nos cámpings-.
- A pesar da mellora a estadía media en Galicia a cifra sitúase, xunto coa rexistrada en Castela e León, na máis baixa do conxunto do Estado onde novamente Canarias –cunha media de 7,2 noites- rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 5,5 noites sitúase a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana –que rexistra un promedio de 3,0 noites- e Cataluña –que rexistra unha media de 3,0 noites neste caso-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Maio 2017



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase un comportamento dispar. Sobe e mellora nos hoteis –en algo máis de catro puntos porcentuais-, nos apartamentos turísticos –en case tres puntos- e nos establecementos de turismo rural –menos dun punto neste caso-, como consecuencia de variacións positivas do lado da demanda.
- Nas pensións e nos cámpings, en cambio, obsérvase unha caída da ocupación, de algo máis de dous puntos nas primeiras –por mor dun descenso da demanda- e de pouco máis dun punto nos segundos –consecuencia dun incremento da oferta dispoñible superior á mellora da demanda-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 39,6% de media neste mes –cifra inferior á do pasado mes de abril-. Os apartamentos turísticos acadan tamén unha cifra importante cun 23,0% neste caso.
- As restantes tres tipoloxías fican por debaixo do 20% de media sendo os cámpings os que rexistran a taxa máis baixa cun 12,2% de media neste quinto mes do ano.